

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOTO.

En Paradela, a vinte e seis de xullo de 2018

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e sete minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ, xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

Antes do inicio da sesión plenaria, Don Xesús Mato mostra o agradecemento ao Concello pola labor realizada para que lle fose outorgada a Medalla Castelao, porque sabe do traballo que realizou tanto o Concello como Xulio Xiz, e presenta ante a Corporación tanto a Medalla coma outros agasallos que recibiu, manifestando que nunca se lle pasara pola cabeza recibir a presente distinción.

A continuación Xulio Xiz dá as gracias a Paradela, dicindo que hai corenta anos que comezou a súa integración nesta terra, e amosa o agradecemento á Corporación pola unanimidade no apoio á iniciativa do Orfeón Lucense, acadando duasmil setecentas cincuenta adhesións das cales máis de duascenas cincuenta corresponden a asociacións, institucións, etc.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que a Paradela e a súa Corporación para nada lle meteu un susto a labor realizada, destacando os méritos e personalidade de Don Xesús Mato, nin lle colleu de sorpresa esta proposta que xunto co traballo de Xulio chegou a bo porto. Resalta que a cultura estase a abrir un camiño moi importante no Concello de Paradela, que é de destacar nun Concello pequeno como é o noso. Por último di que Don Xesús Mato dende a humildade, o saber estar, se merece este recoñecemento e moitos máis, é só un grao de area do que realmente merece, e dá as gracias por ser como é.

Para rematar, Don Xesús Mato, volta a mostra o seu agradecemento a toda a Corporación así coma a Xulio.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO TRINTA E UN DE MAIO DE 2018, E DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO CATRO DE XULLO DE 2018.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de maio de 2018 e á acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 4 de xullo de 2018; das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de maio de 2018 e da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 4 de xullo de 2018. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión, (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo oito o número de feito da Corporación e nove o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2018-0089 ao 2018-0147).

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbera alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria, o Pleno por maioría absoluta cos seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular presentes na sesión e a abstención da membro do Grupo Municipal Socialista; sendo oito o número de feito da Corporación e nove o seu número legal de membros; acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.017 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre.

Por parte de Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista

pregunta sobre os acopios de materiais existentes na marxe da estrada a altura de San Xoan de Loio.

Respóntase polo Sr. Alcalde que corresponden a obra da carretera de O Páramo, polo desmonte da mesma sobre o embalse, e que ten coñecemento de que conta co informe favorable de Medio Ambiente e de estradas para poder realizar os acopios de xeito puntual.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta minutos do vinte e seis de xullo de dous mil dezaioito, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Vº e praxe

O Alcalde

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor

Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamente ao marxe